



APROBADAS MELLORAS DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO DO PERSOAL TÉCNICO DE INCENDIOS

As organizacións sindicais acadan coa Consellería de Medio Rural melloras das condicións de traballo do persoal técnico de incendios, ata nova estrutura do dispositivo, logo das mobilizacións iniciadas no ano 2020. Estas melloras foron aprobadas na Comisión de Persoal da Xunta de Galicia.

27.07.2021 Hoxe aprobouse na Comisión de Persoal da Xunta de Galicia a modificación do acordo de 1 de abril de 2008 sobre as condicións de traballo do persoal funcionario pertencentes aos subgrupos A1 e A2 da Xunta de Galicia que prestan servizos no SPIF (Servizo de Prevención de Incendios Forestais).

Esta negociación mellora 10 aspectos do acordo do ano 2008 e xorde das mobilizacións levadas a cabo no ano 2020 polo persoal técnico de incendios forestais con 62 días de folga. A petición dun novo acordo remóntase a maio de 2018 e na rolda de negociacións de maio de 2021 entre as organizacións sindicais e a consellería do Medio Rural, as partes asumen a necesidade de ter un acordo transitorio antes de ter unha nova estrutura do dispositivo. No momento que se defina a configuración do novo dispositivo de prevención e extinción de incendios deberase negociar un novo acordo definitivo das condicións de traballo para o persoal afectado.

As principais melloras que se incorporan neste documento son:

- *O cuarto mes de gardas poderá dividirse en dúas quincenas como máximo con aviso de tres días,*
- *Fíxase a xornada máxima anual e compensación de 1,5h por cada hora de activación en garda localizable,*
- *Permítese o cambio de quendas e a realización de traballo que requira saír do centro de coordinación en período de gardas,*
- *O quinto mes de gardas será voluntario,*
- *Os xefes de distrito terán dous días de descanso consecutivo todo o ano e gozarán de 12 horas de descanso despois dunha garda con presenza física,*
- *O persoal técnico poderá gozar a metade das súas vacacións no mes de agosto (xullo e setembro xa estaba contemplado).*

Este acto é un novo paso na mellora das condicións de traballo e profesionalización do persoal técnico de incendios, e as catro organizacións sindicais seguirán a traballar nesta liña no futuro.